

ACTA SESIÓN PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE

27 DE DECEMBRO DE 2023

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **catorce horas e dez minutos do xoves 27 de decembro de 2023** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde D Luis Antonio Pérez Barral o 26-12-2023*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación (baixo a modalidade de “presencial” ao abeiro do previsto no artigo 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar **pleno extraordinario e urxente**).

Partido Popular (PP)
1.-María José Sampedro Fernández
2.-Ana Isabel Barreiro Rego
3.-Alejandro Vidal Álvarez.
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Manuel Vicente Reiriz Bretal.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Ramón José Doval Sampedro
8.-Carmen Pérez Gómez.
9.-Eladio Muñiz Muñiz
10.-Rubén Lijó Santos
Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)
1.-Luis Antonio Pérez Barral
2.-María Cruz Rivadulla Márquez
3.-Genoveva María Betanzos Fernández
4.-Antía Alberte Maneiro
5.-Xabier Vidal Peón.
Partido Barbanza Independiente (PBBI)
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-Maria Herminia Pouso Maneiro
3.-Juan Luis Furones Ramos
4.-Tania Redondo Fernández
5.-Fernando Abrales Pérez
Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)
1.-Francisco Suárez-Puerta Colomer



A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto

Asiste igualmente o **Sr. Interventor**. **D. Pablo Bao Castro**.

Acto seguido ábrese a sesión polo Sr. alcalde-presidente e tratáronse os seguintes asuntos engadidos na orde do día:

1.- RATIFICACIÓN URXENCIA DA SESIÓN.

Aberta polo **Sr. alcalde-presidente** a Sesión e en cumprimento do disposto nos artigos 21.1.c), 21.3 e 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 77 a 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, 15 a 18 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procédese a consultar ó Pleno da Corporación sobre o seu pronunciamento en relación coa ratificación da urxencia da Sesión, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (5 BNG, 5 PBBI, 1 PS de G-PSOE, 10 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinteún membros de dereito ratificar a urxencia da Sesión.

(debátese conxuntamente os puntos nº 2 e 3, votándose por separado)

2.- APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA PREZO PÚBLICO PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE APARCAMENTO SUBTERRÁNEO MUNICIPAL (“CENTENARIO”) PREVIA RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DURANTE O TRÁMITE DE INFORMACIÓN AO PÚBLICO. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha proposta de Alcaldía de data 26 de decembro de 2023 do seguinte tenor literal:

“LOGO DE VER as seguintes reclamacións interpostas contra a aprobación inicial ordenanza do prezo público por prestación do servizo público do estacionamento de vehículos no aparcamento subterráneo municipal (Praza do Centenario), no período de exposición pública:

Número de Rexistro	Data de Rexistro	Interesado
2023/00029452	21/12/2023	D. Alejandro Vidal Álvarez, concelleiro do Grupo



E DE VER o informe de tesouraría de data 22 de decembro sobre as alegacións presentadas.

No uso das atribucións que me confiren os artigos 21 e 49 da lei reguladora das bases do réxime,

Proponse ao pleno da corporación, previo ditame favorable da Comisión Especial de Contas, a adopción do seguinte acordo:

1º) A desestimación das reclamacións expostas polas razóns expostas no informe da tesouraría municipal de data 22 de decembro.

2º) A aprobación definitiva da ordenanza do prezo público por prestación do servizo público do estacionamento de vehículos no aparcamento subterráneo municipal (Praza do Centenario), nos mesmo termos que o acordo plenario de aprobación inicial de data 30 de outubro.

3º) A publicación no BOP do texto íntegro da modificación da ordenanza”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposta e abertas as intervencións teñen lugar as seguintes:

O Sr. alcalde-presidente (grupo m. B.N.G.) dí: que se vai a facer debate conxunto dos dous puntos e despois a votación será separada, como é habitual, entón, para explicar os informes técnicos e tamén o posicionamento do Goberno con respecto a estas ordenanzas, pásolle a palabra á Sra. Pouso.

A concelleira Herminia Pouso Maneiro (grupo m. PBBI) dí: Temos urxencia por resolver estas alegacións para poder ter aprobado en tempo e forma tanto esta ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola utilización do parking do Centenario, como ese regulamento de uso do mesmo. En primeiro lugar, decir aos Srs. do PP, que sabían vostedes que tendo en conta que esto de non ter alegacións estaría xa operativo e xa tería entrado en vigor, o que están vostedes ocasionando con esta alegación do prezo público é retrasar que os cidadáns de Ribeira se beneficien dos prezos mais asequibles e mais competitivos para usar ese parking. Presentan vostedes na alegación ao prezo de que se contemple esa primeira media hora, esos primeiros 30 minutos de uso do parking, que sexan gratuitos. Nos contemplamos que se pague dende o minuto 1, pero tanto é que tendo en conta que o que se pague por 1 hora de uso do parking, ca tarifa que se aprobou aquí no pleno, na proposta de este actual equipo de goberno ven saíndo a hora a 60 céntimos; mentras que ca súa, aínda contemplando esos 30 minutos gratuitos, os seguintes 30 minutos saldría a pagar 63 céntimos, entón, é mais cara a proposta que vostedes teñen encima da mesa que a que se propuxo e se trae no pleno pasado no que se debateu esta mesma ordenanza. Si nos vamos ao cómputo de 2 horas de uso do parking estaríamos con que na proposta que temos aprobada en este momento, sería 1,50; mentras que na que vostedes nos propoñen saldría por 1,89. Hai que ter en conta tamén, que dentro desta ordenanza fiscal se contempla tamén a posibilidade de que se establezcan esos acordos con Entidades do sector Hosteleiro, do sector Comercial, donde se poden beneficiar de descontos ou podan asumirse esos bonos descontos para aqueles usuarios dos comercios e dos establecementos locais, é fundamentalmente orientado e queremos poñerlle as tarifas asequibles y que eses usuarios do comercio local e dos establecementos locais se beneficien de eses posibles bonos que se acorden



establecer con determinadas asociacións de comerciantes ou de hosteleiros. O certo é que están vostedes demorando y ocasionando a maiores un gasto as arcas municipais convocando un pleno extraordinario, tanto é que esto o podían presentar un pouquiño antes e o podríamos haber debatir xa no pasado pleno extraordinario que celebramos no mes de decembro, polo tanto, decirlle que os informes dos técnicos son informes que desestiman tamén, fan a proposta de desestimar esas alegacións presentadas, unha cuestión de criterio político, unha cuestión de oportunidade política, y consideramos que a proposta que temos feita dende o Goberno é mais beneficiosa para os usuarios de ese parking que a que vostedes fan, si queren vostedes entrar a analizar incluso xa as tarifas de bonos, vemos como as tarifas de bonos que vostedes propoñían para os usuarios de 53,24€ mes con IVA incluído, mentras que a nosa de bonos de 24 horas si se acollen a ese bono anual saldríalle un prezo de 50 € ao mes con IVA incluído. Si nos vamos aos bonos de 12 horas, o seu o que propoñía o PP en aquel momento, o 16 de maio de 2023 era un bono que iba de 12 horas a 42,35 € ao mes con IVA incluído, mentras que o que temos agora encima da mesa con esta nova ordenanza fiscal vai a 35 € ao mes, e pode ter esa bonificación de 5 € si se acolle a ese bono anual, co cual estaríamos falando dun prezo de 30 € mes, un prezo mais asequible que o que vostedes propoñen; polo tanto, vamos a desestimar esas alegacións presentadas y no referente ao que se refire a establecer esos prezos por recarga dos vehículos eléctricos, hai un informe técnico do Tesorero que informa de desestimar esa alegación porque contempla que deberá regularse no momento en que haxa eses puntos de recarga y que se decida como se van a xestionar, ben sexa de xeito concesionando ou ben sexa de xeito directo. En canto, as alegacións que presentaron do regulamento, que presentaron vostedes 5 alegacións, 4 delas están fundamentalmente orientadas a como debe de usarse cada planta do aparcadoiro, falan vostedes de dedicar a primeira planta a usuarios de rotación, a segunda planta para os abonados, y a terceira planta para os concesionarios. Desestimámolas porque primeiro non consideramos que simplemente teñamos que destinar a primeira planta a rotación porque xa se está vendo que actualmente esa planta en momentos puntuales quédanse escasas as plazas para esa rotación de vehículos, y polo tanto, non a imos a estimar. Hay que ter en conta, que unha das alegacións presentadas no que fai referencia a eses puntos destinados á recarga dos vehículos eléctricos, que agora sí é certo que é obligatorio por lei según o Decreto-Lei 29/2021, esa alegación sí a imos a estimar, evidentemente temos que dedicar o número de plazas que corresponde de acordo có que se establece nese Decreto-Lei y non consideramos que esos puntos de recarga si vai via, no caso de que se fixese unha concesión, de que tivesen que ir, si limitamos ese uso por planta, de que tivesen que ir á terceira planta, sinon que nós consideramos que o mais axeitado é establecer eses puntos de recarga na primeira planta pola súa operatividade e polo seu funcionamento, e porque ademais, é na primeira planta donde vai a estar o persoal atendendo ese servizo. Polo tanto, das 5 alegacións que presentaron desestímase a 1ª, 2ª, 4ª e 5ª; e estímase a 3ª que fai referencia a reservar esas plazas destinadas ao punto de recarga de vehículos eléctricos.

O concelleiro Francisco Suárez-Puerta Colomer (grupo m. PSdeG-PSOE) di: Vostede fai convocar este pleno con coñecemento de causa do que está facendo, Sr., a súa intención é retrasar o pago aos veciños e facerlle un pago durante estas datas, un retraso que ademais, bueno, non lles gustaban antes pero agora presentan 15 minutos antes do último momento para que desta forma non se puidera debatir e conseguir un pleno mais, retrasar desta forma e que os veciños non podan facer uso en tempo e forma dos prezos acordados. Como acaba de decir a compañeira de Corporación, o cálculo é inferior, os costes que propón este equipo de Goberno son inferiores aos que propón o Sr. Vidal, polo tanto, non entendemos a proposta que vai a encarecer aos veciños, o único que consegue é que o parking non teña un uso correcto e que a xente non aparque dentro polos costes que ten. Sorprende que fagan alegacións e non fagan unha emenda no seu momento, porque si se fai unha emenda e se vota que non, insisten e fan novamente alegacións, e o que fan é retrasar, retrasar, retrasar, cando xa se dixo que non. Os puntos de recarga, sorprende agora o interés polo PP polos puntos de recarga, cando non fixeron nada por eles ata o de agora, non é que teñamos moitos coches eléctricos pero sí é unha



necesidade legal e hai que estimar dita proposta. Os informes todos están en contra a excepción dese punto, que son os puntos de recarga, polo tanto, a posición está clara.

A concelleira Herminia Pouso Maneiro (grupo m. PBBI) dí: O PBBI vaise a posicionar tal como expliquei na quenda de intervencións como voceira deste equipo, y simplemente decirlles que as tarifas que vostedes presentaron son mais altas, é decir, si vamos ás dúas primeiras horas saldría a tarifa que vostedes propuxeron no seu día un 26% mais cara. Nós o que queremos é a posta en funcionamento y que os usuarios deste parking se podan beneficiar destas tarifas o mais axiña, polo tanto, a nosa proposta é que entren en funcionamento canto antes y ter a disposición uns prezos asequibles nos usuarios. En canto á terceira alegación do reglamento, si se lle estima, pois Sr. Vidal, agradecerlle tamén esa aportación que é algo que se recolle por Lei y polo tanto, algo que se quedou atrás nesa primeira redacción e agradecerlle que o complementara e que se puidera enriquecer con esa aportación a maiores.

O concelleiro Xabier Vidal Peón (grupo m. BNG) dí: Hoxe a corporación municipal de Ribeira vai a desestimar as alegacións presentadas a última hora polo PP. Con esta estratexia o único que perseguen é atrasar a posta en marcha dunhas tarifas asequibles que permiten á veciñanza estacionar os seus vehículos nun espazo céntrico e a bó prezo. Hoxe presentan unhas alegacións que contemplan ter unhas 30 minutos de balde, pero dende o BNG preguntámonos porqué non fixeron isto no seu día cando estaban no Goberno?. O certo é que presentan estas alegacións para paralizar unhas tarifas que son moi positivas para Ribeira e para todas as persoas que se achegan a mercar ou traballar no noso municipio. Grazas as tarifas que este Goberno vai a aprobar, Ribeira contará cuns aparcadoiros mais baratos de toda a provincia da Coruña e o mais barato da comarca do Barbanza; fíxense por 2 horas de estacionamento cobrarase menos de 1,50 e se consumimos no comercio local haberá 30 minutos de desconto adicional, algo que nunca antes pasou en Ribeira e que dende o BNG levamos moito tempo propoñendo. Con respecto á alegación que deben incluírse na ordenanza os prezos de tarificación das estacións de carga de vehículos eléctricos, o informe técnico xa dí textualmente: “nas concesións demaniais á empresas privadas para instalar puntos de carga de vehículos, a natureza dos pagos destas cuantías dos usuarios aos futuros concesionarios non é de prezo público senón de prezo privado, tal como expón reiteradamente a lexislación vixente, polo tanto, xa ven que os informes técnicos sobre as alegacións que presenta o PP, son negativos e propoñen a súa desestimación. Dende o BNG volvemos a incidir en que facer un aparcadoiro de xestión privada no seu día, foi unha decisión errada, como se demostrou ao longo do tempo, o certo, é que tivo que chegar un Goberno distinto para que poidamos paliar a falta de estacionamentos que a día de hoxe ten Ribeira, e así estamos a facer mediante a municipalización do Centenario, pero tamén, coa creación e mellora doutros estacionamentos disuasorios. Hoxe oblígnanos a convocar este pleno extraordinario xente para desestimar unhas alegacións que impedirían a rebaixa desas tarifas do Centenario durante un mes, sobre todo cando estamos en plena campaña de nadal e seguidamente das rebaixas. Creo que deberían estar por traballar en positivo porque a súa postura en contra deste Goberno, non pode ir en detrimento do benestar de toda a poboación de Ribeira. Seguen contando coa man tendida para chegar a consensos e para sacar adiante proxectos positivos para a nosa cidade e a súa poboación.

A concelleira María José Sampedro Fernández (grupo m. PP) dí: Bueno, pois de verdad que me sorprende, dende logo moito mais ver este xeito de dar a volta á situación e, logo, por segunda semana consecutiva o Goberno tripartito nos mostra a súa falla de diálogo, de consenso, do que presumía e tanto fala agora mentras expón, pois, as súas cuestións sobre este tema. Decía o Sr. Vidal, que porqué non o fixeron mentras eran Goberno, dende logo que, non sei si recorda que na proposta inicial do PP alá polo mes de maio, os grupos da oposición votaron todos en contra, xa esa primeira hora gratis xa iba incluída; falar tamén dese aparcadoiro de xestión privada e que tivo que chegar un Goberno novo, bueno, pois, parte do seu Goberno Sr. Vidal aprobaba esa xestión privada para o aparcamento, recórdollo eu tamén,



pero bueno, volvo a esa falla de diálogo e de consenso, a esa man tendida porque se remataba o último pleno fai apenas 6 días e dende logo, que nós xa adiantamos no pleno pasado que iamos facer alegacións, que iamos facer alegacións como grupo da oposición, como grupo maioritario desta Corporación e, sobre todo, porque vostedes, pois, no mes de maio votaron en contra dun documento que era practicamente moi parecido sin buscar esa alternativa que era facer alegacións. Falan agora de retraso, eu lles digo que o retraso, é un retraso de 6 meses por non querer aprobar, pois, nese mes de maio o que era tanto a ordenanza como o regulamento, é algo que tamén interiorizado o que hoxe temos enriba da mesa que é un contencioso e, dende logo, pois, esa man tendida para min está completamente desaparecida. Onte enterábamonos a través dunha notificación electrónica de que hoxe ás 2 da tarde, pois, íbamos a ter un pleno, sin un simple aviso que eu creo que, dende logo, é o mínimo que se lle pide a unha cortesía institucional o poder avisar de que mañán, en 24 horas, pois, vamos a ter un pleno extraordinario, donde 10 personas, pois, vamos a ter que asistir aquí, cando dende logo, supoño que xa entraría na cabeza do Sr. Alcalde do grupo de Goberno porque os informes están feitos dende o venres pasado día 22, polo tanto, eu non sei si foron as ganas onte cando se levantaron, pois, das festas navideñas ou si premeditadamente, pois, efectivamente sabían vostedes dende o venres pasado que se ía a facer un pleno extraordinario. Eu creo que toda aquela demagogia que se utilizou na lexislatura pasada, pois, queda ao descuberto porque donde vostedes decían que nós facíamos mal as cousas, pois, agora eu creo que se fan moito peor, por este tema, un tema tan importante como é o do aparcamento do Centenario, fixéronse diferentes xuntas de voceiros e dende que vostedes están aquí non temos nin idea do que pasou con ese contencioso, non temos nin idea do que agora nos envía o Xulgado porque dende este Goberno non se lle enviou ao Xulgado nin información sobre o expediente, non se lle puxo un abogado a este caso, e agora nós temos que comer, digamos, declarar concluso o pleito sin más trámites para la Sentencia, entonces, eu non sei si vostedes non lle dan a importancia que ten este tema que está no Xulgado cun Contencioso-Administrativo, si se lles olvidou, si pasaron de todo, si non lle mandaron a información ao Xulgado intencionadamente ou si directamente síguennos ocultando información, porque me parece un tema bastante grave e bastante importante para o futuro de Ribeira, o ter este Contencioso encima da mesa e non ter convocado ningunha xunta de voceiros, nin un mínimo mensaxe informando de como está a situación. Polo tanto, esa man tendida, de verdad, me parece que deixa ao descuberto, pois, esa capacidade de diálogo da que tanto presumen en outras ocasións, porque nós sí fixemos esas xuntas de voceiros e informamos si veu o abogado que naquel momento levaba o caso; eu creo que se tomaron as decisión de que si era un contrato de reemplazo, de que si tomábamos posesión, de que si municipalizábamos, todas esas decisións faláronse nas xuntas de voceiros e se tomaron cós voceiros presentes; agora nada sabemos deste tema nin de outros tantos. Polo tanto, eu lles pediría que agora non lle den a volta á tortilla e non intenten facerlle creer á veciñanza que estamos retrasando un tema, non, estamos intentando aportar a un tema no que creíamos que era importante algunhas aportacións que fixemos. Xa non digo que nos estimen todas as aportacións pero, polo menos, ese diálogo de poder falar, e poder decidir, pois esto porque sí, esto porque non, e aquí directamente se aplica o rodillo e se dí que por unha cuestión política, dende logo, pois, non se estima nada mais que o que aporta a Lei, decía o Sr. Suárez-Puerta, que o único que se fixo foi unha feira, por certo, con bastante éxito, porque xa se repetiu en varias ocasións e ademais recordarle ao Sr. Suárez Puerta, que o PSOE fixo moitísimo, moitísimo fincapé na colocación de cargadores para vehículos eléctricos, polo tanto, non sei de que se extraña agora, debería estar vostede, pois, contento de que fagamos unha aportación que, ademais o digo, é verdade que o marca a Lei e, polo tanto, pois, era algo que quedou atrás, pois, nós sempre estamos para sumar e para intentar aportar. Eu o que creo é que a vostedes, pois, pouco lles importou, ou pouca importancia lle deron a este expediente do contencioso, repito, porque me parece unha desidia absoluta non ter contestado ao Xulgado nun tema tan importante como é para o Concello de Ribeira o tema do Centenario polo problema que hai do aparcadoiro, pero tamén polo moitísimo que se leva loitando por poder dunha vez tomar posesión e facilitarlle á veciñanza o que é un servicio básico, e como xa se falou aquí, que é superbeneficioso para a hostelería, superbeneficioso para



FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 23/01/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 23/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/01/2024 11:20:57



o comercio, en fin, para Ribeira en xeral. Eu o que digo, é que tamén me gustaría que esas alegacións das que falamos da primeira planta, da segunda planta, pois, nós o único que pretendíamos con eso, é que se garantizase as rotacións da primeira planta, porque eu me pregunto, si non hai límite de abonados e de repente aquí chegan dúas ou tres empresas de Ribeira, ou catro, e collen abonados para todos os seus traballadores, que vamos a facer?, vamos a quedar sin plazas rotatorias na primeira planta?, pois, é algo que tamén me preocupa, porque entón, nese caso, pois, habería moita xente que veña a facer as súas compras ao comercio de Ribeira, que tería moitísimo menos espazo do que agora ten. Entón, eu creo que esa maneira de desvotarnos unha proposta que eu creo que era en positivo total e para aportar un problema que detectamos que podía existir, pois, é algo que de igual xeito informa negativamente, está no seu dereito pero nos parece que, pois, non tiveron en conta, pois, toda esa, todo ese aporte, todo ese traballo que quixemos facer dende o grupo do PP. Eu en definitiva o que quero dicir é que está moi ben que se avance nun traballo que deixamos masticado e moi masticado, dicir tamén, que nós o que propoñíamos, por certo, era esa primeira media hora gratis, pero que a segunda media hora era a 30 céntimos, non a 60 como se dixo, a 0,1 céntimos, e despois, dicirlles que hai moitas tarifas que vostedes falan aquí que son mais caras pero había outras en moitos casos que eran mais amplias, que cubrían un aspecto mais amplo para a veciñanza de Ribeira e que en moitos casos sí eran mais baratas, como por exemplo, así que recorde, o bono mensual. E a reflexión ca que me quero quedar é esa, é reflexión de que fixemos unhas alegacións que vostedes no mes de maio se negaron a facer e, polo tanto, retrasaron non 6 sinon 7 meses esa posta en marcha do aparcadoiro, que agora é tempo de votarlle a culpa á oposición pero esos 6 meses están perdidos e con un contencioso, que se podía evitar enriba da mesa, porque sabíamos que no mes de maio apretaba e había que tomar posesión e por eso lle dixemos que había que aprobar o regulamento e as taxas, e fixeron caso omiso e agora nos atopamos cun dobre problema. Eu de verdade, que lle digo que este pleno sí nos colleu de sorpresa, totalmente, totalmente de sorpresa, e que de verdade eu lles pido que a partir de agora, a partir deste 2024 esa man tendida deixe de ser un brindis ao sol e unha leyenda urbana e que exista realmente porque como puidemos mostrar á veciñanza o único que queremos é sumar, é aportar ideas e aportar carencias que podemos ver que tiña este regulamento e esta ordenanza con toda a boa intención pensando en Ribeira e nos riveirenses e acudimos hoxe a este pleno, pois, igualmente facendo cada un de nos un esforzo tremendo en 24 horas para poder estar aquí, simplemente pola responsabilidade que tomamos o día que dixemos que queríamos ser concelleiros deste Concello, e efectivamente, adquirimos ese compromiso con Ribeira e cos riveirenses. Así que, pola miña parte, nada mais, dende logo que nós non vamos a poñer atrancos en que se aproben estos dous puntos, pero dende logo, tampouco imos a votar a favor de algo no que non se nos tuvo para nada en conta e para os que nos sentimos totalmente deixados de lado e non temos información ningunha sobre como está esta situación sobre todo no ámbito legal.

O Sr. alcalde-presidente (grupo m. B.N.G.) dí: Acaba de ver vostede que sí tivo tempo, os informes son desfavorables, é dicir, propoñen a desestimación das alegacións presentadas, agás unha, que xa non estaba incluída porque hai unha xerarquía normativa que establece que, evidentemente, as normas que son de ámbito superior ao municipal, evidentemente, xa as temos que cumprir. Polo tanto, é a única alegación que lle vamos a estimar, básicamente porque está recollida na lexislación vixente, e non podemos facer outra cousa que non sexa cumprir ca lexislación que hai. Non me vou a enrollar demasiado cós puntos que xa tocaron os meus compañeiros de Goberno. No tema da recarga eléctrica, cremos que ten que estar no primeiro andar, básicamente, por temas de seguridade e tamén por temas de dispoñibilidade; son vehículos que van a estar enchufados á corrente eléctrica e, por tanto, ante calquer problema, e ante calquer risco, estaría o persoal de garda controlándoos en todo momento. Non estimamos tampouco o sistema de andares que establecen vostedes mediante a rotación, abonados e concesionarios, básicamente, porque neste momento, xa vemos que nalgunhas ocasións a rotación é necesaria tamén pasala para o segundo andar porque hai tantos vehículos que deciden entrar no aparcadoiro do Centenario, que a primeira planta faise pequena e, polo tanto, queremos xogar con que esa rotación poida distribuírse ao longo dos dous primeiros andares, e



FIRMANTE - FECHA



ademais, porque temos un auditorio ao lado, onde non hai absolutamente ningunha praza de estacionamento e que cando veñan espectáculos de certo nivel, pois, evidentemente, teremoslle que dar unha alternativa ás persoas que vaian a chegar a eses espectáculos para que poidan estacionar os seus vehículos. Falaba vostede de que as tarifas do PP ou a proposta que facían vostedes en maio, á cal, este Goberno lle votou en contra no seu día, eran mais baratas; perdoe, pero non, a primeira media hora está a 0,02 € minuto, é dicir, nós baixamos esas tarifas, e xa lle digo, vai a ser o estacionamento mais barato de toda a comarca do Barbanza; coas súas propostas non iba a ser o estacionamento mais barato de todo o Barbanza. Díme que lle pilla de sorpresa a celebración deste pleno, a caso que esperaban?, que non fomos a aplicar estas tarifas en plena campaña de Nadal?, a caso esperaban que este Goberno, esperara a finais de xaneiro para poder aprobar estas tarifas?. Evidentemente, non podemos polo seu capricho de presentar unhas alegacións, pouco antes de rematar o prazo de exposición pública, non podemos perxudicar a todos os riveirenses, non podemos, porque a nosa obriga é beneficiar ás persoas que nos escolleron para estar aquí gobernando, tamén, as que non o fixeron, e as nosas tarifas van a ser moito mais asequibles que as propostas presentadas no seu día polo PP. Non é facerlle oposición ao PP porque agora esté na oposición, é aplicar o que dixemos no seu día, cando nos presentamos ás eleccións municipais, que é, que queremos un aparcadoiro do Centenario con prezos asequibles e disposto para a veciñanza en calquer momento do día, é dicir, as 24 horas, e por tanto, estas alegacións non van no sentido que nós falamos no seu día, e por tanto, propoñemos esa desestimación. Fala dos problemas que hai coa Administración concursal, Sra. Sampedro, vostede era Tenente de Alcalde nese Goberno do PP onde a Administración concursal lle pechaba o aparcadoiro porque non había acordos co anterior Alcalde, pecháballe o aparcadoiro; e nós cando estivemos agora no Goberno, unha das primeiras cousas as que nos tivemos que enfrentar, foi que esa Administración concursal, polo malestar que tiña co Goberno Local do seu momento, non quería abrir nin o aparcadoiro nas festas do verán; tivemos que chamalle á Administración concursal para decirlles que houbo outro Goberno, que as cousas iban cambiar, e que polo tanto, nos permitiran abrílo para que a xente de Ribeira tivese onde estacionar. Evidentemente, eso agora díreme que non é así, pero o certo é que os feitos falan por sí sos. Permítame que lle pida un pouquiño de sentido cando vostede fala dos Contenciosos, se algo temos que lembrar do Goberno anterior é que unha das primeiras cousas que tivo que facer este Goberno, foi clausurar unha empresa en Ribeira por culpa do goberno do PP que non fixo, decíalle que se de algo se ten que arrepentir o PP foi de levarnos a unha situación na que unha das primeiras cousas que tivo que facer este Goberno, foi clausurar unha empresa por culpa dos seus informes, por culpa de non facer ben as cousas no seu día. Por tanto, creo que non deben estar vostedes orgullosos de ir aos Xulgados, non se preocupe, que este Goberno non vai a caer na mesma pedra, e non vai a caer nos mesmos erros que cometeu o seu Goberno no seu día. Por tanto, eu xa lle digo, que se de algo temos que estar orgullosos é do traballo que levamos feito ao longo destes últimos 6 meses, de que moitas cousas que estaban paralizadas démoslle para adiante, e que vostedes teñan altura de miras, as luces longas e que estean á altura porque eu podo entender que teñan unha carraxe contra este Goberno, contra este Alcalde, pódennos atacar todo o que queiran, todo, pero por favor, eviten facer cuestións como estas que o único que tratan é de bloquear a posta en marcha de medidas que van a beneficiar a moitas, moitas persoas do noso municipio, e que tanto están esperando por ter un aparcadoiro en condicións onde se poida deixar o vehículo privado.

Rematadas as **intervencións** sómese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía transcrita, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe)



-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 10 PP

Polo que o Pleno da Corporación acorda por maioría absoluta dos seus vinteún membros de dereito aprobala proposta da Alcaldía transcrita relativa a **APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA PREZO PÚBLICO PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE APARCAMENTO SUBTERRÁNEO MUNICIPAL (“CENTENARIO)” PREVIA RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DURANTE O TRÁMITE DE INFORMACIÓN AO PÚBLICO** quedando convertida en acordo en todos os seus termos e en consecuencia aproba:

PRIMEIRO:-A desestimación das reclamacións expostas polas razóns expostas no informe da tesouraría municipal de data 22 de decembro.

SEGUNDO:- A aprobación definitiva da ordenanza do prezo público por prestación do servizo público do estacionamento de vehículos no aparcamento subterráneo municipal (Praza do Centenario), nos mesmo termos que o acordo plenario de aprobación inicial de data 30 de outubro.

TERCEIRO:-A publicación no BOP do texto íntegro da modificación da ordenanza”.

3.-APROBACIÓN DEFINITIVA REGULAMENTO RÉXIME INTERNO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO MUNICIPAL (“CENTENARIO)” PREVIA RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DURANTE O TRÁMITE DE INFORMACIÓN AO PÚBLICO. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha proposta de Alcaldía de data 26 de decembro de 2023 do seguinte tenor literal:

“**REMATADO** o prazo de exposición ao público do acordo adoptado polo Pleno da Corporación na Sesión ordinaria celebrada o día 30 de outubro de 2023 sobre **“REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO MUNICIPAL (PRAZA DO CENTENARIO)”**, anuncio que estivo exposto ao público (BOP nº 212 de 7 de novembro de 2023) ininterrumpidamente **dende o 8 de novembro de 2023 ata o 21 de decembro de 2023 amboslosdous inclusive.**

VISTAS as alegacións presentadas durante o devandito trámite con data **21 de decembro de 2023** (rex de entrada 29452) polo **grupo municipal do PP**, e no seu nome por D. Alejandro Vidal Álvarez, e que son do seguinte tenor:

“D. Alejandro Vidal Álvarez, concelleiro do Grupo Municipal Popular de Ribeira, con DNI 52932435-V, presenta as seguintes alegacións sobre a regulación do aparcadoiro do centenario e a súa municipalización.

Logo da revisión de todo o expediente de regulamento presentado pola corporación municipal sobre o aparcadoiro do centenario, formulamos as seguintes alegacións nos seguintes artigos:



PRIMEIRA ALEGACIÓN:

Artigo 6.2 a: As prazas serán destinadas ao estacionamento de vehículos automóbiles lixeiros de PMA < 2.500 kg, cunha lonxitude non superior ás das prazas de aparcamento e coas limitacións seguintes de gálibo:

1ª Planta: 2,10 metros

2ª Planta: 2 metros

3ª planta: 1,8 metros.

No artigo 6.2 a debera engadirse o texto o seguinte: As prazas serán destinadas ao estacionamento de vehículos automóbiles lixeiros de PMA <2.500 kg, cunha lonxitude non superior ás das prazas de aparcamento e coas limitacións seguintes de gálibo **e de modalidade de usuarios:**

1ª Planta: 2,10 metros: **rotativos.**

2ª Planta: 2 metros: **abonados.**

3ª planta: 1,8 metros: **concesionarios.**

SEGUNDA ALEGACIÓN:

Artigo 6.2c: As prazas de estacionamento destinadas a rotación atribuiranse aos automóbiles pola orde da súa chegada, sen reservas nin preferencias de clase algunha e sen que poida ser rexeitado ningún vehículo de turismo, salvo no caso de que a súa admisión implicase perigo ou molestia para os usuarios. Exceptúanse as prazas reservadas para persoas con discapacidade, que só poderán ser utilizadas por usuarios que xustifiquen tal condición, debendo dispoñer do correspondente distintivo nun lugar visible mentres está a usar dita praza

No artigo 6.2 c deberá engadirse ó texto o seguinte: “

As prazas de estacionamento destinadas a rotación **deberán estar situadas alomenos no primeiro andar**, atribuiranse aos automóbiles pola orde da súa chegada, sen reservas nin preferencias de clase algunha e sen que poida ser rexeitado ningún vehículo de turismo, salvo no caso de que a súa admisión implicase perigo ou molestia para os usuarios. Exceptúanse as prazas reservadas para persoas con discapacidade, que só poderán ser utilizadas por usuarios que xustifiquen tal condición, debendo dispoñer do correspondente distintivo nun lugar visible mentres está a usar dita praza.

TERCEIRA ALEGACIÓN:

Artigo 6.4. Establecerase unha zona de parcelas destinadas a recarga de vehículos eléctricos cuxo servizo poderá ser usado polos interesados conforme aos métodos de pago e prezos que se establezan respecto diso. En todo caso, a utilización das devanditas prazas estará destinada exclusivamente á recarga dos vehículos eléctricos e non ao seu estacionamento, polo que unha vez finalizado o proceso de carga, os usuarios deberán desaloxar ditas prazas para permitir o acceso a outros usuarios nun prazo máximo de media hora desde o termo do proceso de carga.

-No artigo 6.4 debera engadirse segun o Decreto Lei 29/2021 o seguinte: “Con carácter xeral, instalaranse unha estación de recarga por cada 40 prazas de aparcadoiro ou fracción, ata 1.000 prazas, e unha estación de recarga mais por cada 100 prazas adicionais ou fracción”.

CUARTA ALEGACIÓN:



FIRMANTE - FECHA



Artigo 13.1 : O réxime de abono dá dereito á ocupación dunha praza de aparcamento de forma estable no tempo durante a franxa horaria estipulada segundo o tipo de abono que se trate, sen outorgarse por iso dereito preferente de uso dunha praza concreta, sen prexuízo de que por razóns dunha mellor xestión do servizo, por parte do responsable do servizo pódase designar unha praza, zona ou planta de utilización obrigatoria, o que en ningún caso supoñerá o recoñecemento de dereito de uso exclusivo da mesma

No artigo 13.1 deberá engadirse o texto o seguinte : “O réxime de abono dá dereito á ocupación dunha praza de aparcamento de forma estable no tempo durante a franxa horaria estipulada segundo o tipo de abono que se trate **nun lugar situado no se gundo andar**, sen outorgarse por iso dereito preferente de uso dunha praza concreta, sen prexuízo de que por razóns dunha mellor xestión do servizo, por parte do responsable do servizo pódase designar unha praza, zona ou planta de utilización obrigatoria, o que en ningún caso supoñerá o recoñecemento de dereito de uso exclusivo da mesma

QUINTA ALEGACIÓN:

Artigo 14.1 : En función da dispoñibilidade de prazas e a demanda, o concello poderá outorgar concesión demanial administrativa sobre as prazas de aparcamento segundo a lexislación patrimonial e de contratación administrativa vixente.

No artigo 14.1 deberá engadirse o texto o seguinte :

“En función da dispoñibilidade de prazas e a demanda, o concello poderá outorgar concesión demanial administrativa sobre as prazas de aparcamento segundo a lexislación patrimonial e de contratación administrativa vixente. **E sempre dentro do terceiro andar**”.

VISTO o informe emitido pola Secretaría Xeral do Concello a instancia da Alcaldía con data 22 de decembro de 2023 por medio da presente propónse ao Pleno o seguinte:

PRIMEIRO. Desestimar as alegacións enumeradas nos antecedentes de feito do presente informe como “**Primeira, Segunda, Cuarta e Quinta**”, presentadas polo Grupo Municipal do PP durante o trámite de información ao público toda vez que as mesmas non se refiren a motivos de legalidade o defectos na tramitación do procedemento, senón a cuestión de oportunidade ou iniciativa política.

SEGUNDO. Estimar a alegación presentada polo grupo municipal do PP identificada como “**Terceira**” nos antecedentes do presente informe toda vez que a mesma refírese a un texto normativo con forza de lei en vigor e polo tanto a una cuestión de legalidade que mellora substancialmente o texto nese apartado inicial en aras dunha maior concreción e seguridade xurídica.

TERCEIRO. Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto do “**REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO MUNICIPAL (PRAZA DO CENTENARIO)**”, una vez resoltas as reclamacións presentadas e incorporadas á mesma as modificacións derivadas das alegacións, no seu caso, estimadas,

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados que presentasen alegacións durante a información pública, con indicación dos recursos pertinentes.



QUINTO. Publicar devandito Acordo definitivo co texto íntegro do “**REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO MUNICIPAL (PRAZA DO CENTENARIO)**” no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e taboleiro de anuncios do Concello, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [*dirección <https://www.ribeira.gal>*].

SEXTO. Remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto da Ordenanza, así como copia íntegra autenticada da mesma.

SÉTIMO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposta e realizadas as intervencións nos termos indicados no punto anterior, sómese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía transcrita, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 10 PP

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus vinteún membros de dereito aproba a proposta da Alcaldía transcrita relativa a **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO MUNICIPAL (PRAZA DO CENTENARIO)** quedando convertida en acordo en todos os seus termos e en consecuencia aproba:

“PRIMEIRO. *Desestimar as alegacións enumeradas nos antecedentes de feito do presente informe como “Primeira, Segunda, Cuarta e Quinta”, presentadas polo Grupo Municipal do PP durante o trámite de información ao público toda vez que as mesmas non se refiren a motivos de legalidade o defectos na tramitación do procedemento, senón a cuestión de oportunidade ou iniciativa política.*

SEGUNDO. *Estimar a alegación presentada polo grupo municipal do PP identificada como “Terceira” nos antecedentes do presente informe toda vez que a mesma refírese a un texto normativo con forza de lei en vigor e polo tanto a una cuestión de legalidade que mellora substancialmente o texto nese apartado inicial en aras dunha maior concreción e seguridade xurídica.*

TERCEIRO. *Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto do “REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO*



MUNICIPAL (PRAZA DO CENTENARIO” , una vez resoltas as reclamacións presentadas e incorporadas á mesma as modificacións derivadas das alegacións, no seu caso, estimadas,

CUARTO. *Notificar o presente acordo aos interesados que presentasen alegacións durante a información pública, con indicación dos recursos pertinentes.*

QUINTO. *Publicar devandito Acordo definitivo co texto íntegro do “REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO MUNICIPAL (PRAZA DO CENTENARIO” no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e taboleiro de anuncios do Concello, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.ribeira.gal>].

SEXTO. *Remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto da Ordenanza, así como copia íntegra autenticada da mesma.*

SÉTIMO. *Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto”.*

E sendo as **14 horas e 32 minutos** do día **27 de decembro de 2023**, sen máis asuntos que tratar, o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Luis Antonio Pérez Barral

Juan Manuel Salguero del Valle

